

Orde do 28 de abril de 2005 pola que se declara de interese galego a Fundación Alba Torres Carrera e se inscribe no Rexistro Auxiliar de Fundacións deste protectorado.

Visto o expediente tramitado por instancia da *Fundación Alba Torres Carrera* para a súa declaración de interese galego e a conseguinte inscrición no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia.

Resultando que a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública pola súa Orde do 13 de abril de 2005, *Diario Oficial de Galicia* do 22 de abril, clasificou como de interese docente a citada fundación e adscribiuna á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Vista a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da Lei 7/1983; así como o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, e as demais disposicións de xeral e pertinente aplicación, e máis concretamente as normas contidas na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

Considerando que a correspondente escritura fundacional e de aprobación dos estatutos son conformes co establecido nos artigos 5, 6 e 7 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, e coas demais disposicións regulamentarias aplicables.

Considerando que os fins e demais elementos organizativos da *Fundación Alba Torres Carrera* cumpren cos requisitos e condicións sinalados pola lexislación autonómica para a súa declaración de interese galego, así como coas normas de aplicación xeral que determina a devandita Lei 50/2002.

Considerando que este expediente o promoveron persoas lexitimadas para iso, e que na súa tramitación se cumpriron os requisitos legais e regulamentarios exixidos, tanto pola lexislación autonómica en materia de fundacións de interese galego como polas normas establecidas na Lei 50/2002.

Esta consellería, consonte o disposto no artigo 32.3º do devandito regulamento, logo do informe da asesoría xurídica deste departamento,

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar de interese galego a fundación Alba Torres Carrera coa conseguinte aprobación dos seus estatutos e dos demais aspectos recollidos na orde de clasificación, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 13 de abril de 2005.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro Auxiliar de Fundacións deste protectorado, logo da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*; tendo esta publicación e inscrición o carácter constitutivo que determinan os artigos 8 da Lei 7/1983 e 4 da Lei 50/2002, e producindo os efectos previstos nos artigos 32.3º e 33, alíneas 2 e 3, do citado Decreto 248/1992.

Terceiro.-Esta disposición, que pon fin á vía administrativa, de acordo co establecido no artigo 109 c)

da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá ser recorrida potestativamente mediante o recurso de reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 13 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a celebración dun curso homologado de nivel cualificado para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria (tratamentos DDD).

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, polo que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán aos organismos responsables na comunidade autónoma, a homologación dos ditos cursos e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se vai celebrar.

En consecuencia, anúnciase a celebración dun curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitados pola *Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas* (Anecpla), de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso: curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado.

2. Entidade organizadora: Anecpla (*Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas*).

3. Data: do 6 ao 17 de xuño de 2005.

4. Lugar de celebración: FEUGA. Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Universitario Sur. 15705 Santiago de Compostela.

5. Número de prazas: máximo 25 alumnos.

6. Dirixido a: responsables técnicos de empresas de servizos de control de pragas.

7. Criterios de selección: por rigorosa orde de recepción de solicitude de inscrición.

8. Presentación de solicitudes. enviaranse a Anecpla (polígono industrial Vallecas. Estrada Villaverde-Vallecas nº 265. Edificio Hormigueras, 3º esq. - 28031 Madrid. Teléfono: 91 380 76 70. Fax: 91 777 99 45 anecpla@anecpla.com) por fax, carta ou correo electrónico, xunto coa seguinte documentación:

-Solicitude segundo modelo anexo I.

-Xustificante de ter ingresado a cota de 300 €/alumno (asociados Anecpla) e 460 €/alumno (non asociados) na conta Anecpla número 0049/5115/31/2716094078, do Banco Santander Central Hispano.

9. Data límite para a presentación de solicitudes: ata o 25 de maio de 2005.

10. Programa:

6-6-2005	10.00-14.00 h	Introdución
	16.00-18.00 h	Descrición de pragas (I)
7-6-2005	10.00-14.00 h	Descrición de pragas (II)
	16.00-18.00 h	Descrición de pragas (III)
8-6-2005	10.00-14.00 h	Produtos biocidas (insecticidas, rodenticidas, desinfectantes, outros) (I)
	16.00-18.00 h	Produtos biocidas (insecticidas, rodenticidas, desinfectantes, outros) (II)

9-6-2005	10.00-14.00 h	Produtos biocidas (insecticidas, rodenticidas, desinfectantes, outros) (III)
	16.00-18.00 h	Produtos biocidas (insecticidas, rodenticidas, desinfectantes, outros) (IV)
10-6-2005	10.00-14.00 h	Equipos na loita contra pragas
	16.00-18.00 h	Estratexias de intervención (I)
13-6-2005	10.00-14.00 h	Estratexias de intervención (II)
	16.00-18.00 h	Estratexias de intervención (III)
14-6-2005	10.00-14.00 h	Estratexias de intervención (IV)
	16.00-18.00 h	Procedementos de loita contra pragas (I)
15-6-2005	10.00-14.00 h	Procedementos de loita contra pragas (II)
	16.00-18.00 h	Procedementos de loita contra pragas (III)
16-6-2005	10.00-14.00 h	Exercicio práctico sobre o terreo
	16.00-18.00 h	Loita contra pragas e ambiente (I)
17-6-2005	10.00-12.00 h	Loita contra pragas e ambiente (II)
	12.00-14.00 h	Prevención de accidentes no sector (I)
	16.00-17.00 h	Prevención de accidentes no sector (II)
	17.00-18.00 h	Avaliación

11. Certificado de superación do curso: é obigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polos alumnos e en caso de superalas expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, nivel cualificado.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2005.

Jorge Suanzes Hernández
Director xeral de Saúde Pública

ANEXO I

FICHA DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

CURSO PARA A CAPACITACIÓN DE APLICADORES DE PRAGUICIDAS DE USO AMBIENTAL E USO NA INDUSTRIA ALIMENTARIA, NIVEL CUALIFICADO.

Entidade organizadora	Anecpla (Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas).
Data	Do 6 ao 17 de xuño de 2005.
Lugar de celebración	FEUGA. Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Universitario Sur. 15705 Santiago de Compostela.
Duración	60 horas teórico/prácticas e 1 hora proba avaliación.
Horario	De 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 18.00 h.
Nº máximo de alumnos	25.
Prezo	300 euros por alumno para asociados. 460 euros por alumno para non asociados.
Inscrición:	Pagados mediante talón nominativo a Anecpla ou transferencia bancaria (BSCH nº cta. 0049/5115/31/2716094078) antes do inicio do curso. Enviar boletín de solicitude a Anecpla (Polígono Industrial Vallecas. Estrada Villaverde-Vallecas nº 265. Edif. Hormigueras, 3º esq. 28031 - MADRID. Teléfono 913807670. Fax 917779945 anecpla@anecpla.com) xunto co xustificante de pagamento antes do 25 de maio. As inscricións realizaranse por rigorosa orde de chegada (solicitude + xustificante de pagamento).

EMPRESA: _____ C.I.F.: _____

ENDEREZO: _____ C.P.: _____

LOCALIDADE: _____ PROVINCIA: _____

TELÉFONO: _____ FAX: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

APellidos, NOME	NIF

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento en centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a través do Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Esta orde adáptase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 14/2004, do 20 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005. As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación, orzamentaria 14.02.212D.780.0, recollida na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2005, e o importe destinado a elas ascenderá a 180.000 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas económicas para investimento en centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais e na Orde do 29 de febreiro de 1996 da

Consellería de Familia, Muller e Xuventude, modificada pola Orde do 6 de novembro de 2000, pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menores e os centros de atención á infancia que presten atención educativa e asistencial, a nenos/as de 0 a 3 anos.

Artigo 2º.-Requisitos para ser beneficiario.

Poderán solicitar estas axudas as entidades privadas de iniciativa social que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ser titular dun centro de atención á primeira infancia (0-3 anos) que cumpra os requisitos establecidos no artigo 1º, e desenvolver as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Estar debidamente inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, de acordo co disposto no Decreto 291/1995, do 3 de novembro.

3. Que a tarifa de prezos por servizos prestados no centro de atención á primeira infancia non supere as contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro (DOG do 13 de marzo), polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Artigo 3º.-Tipo de axuda.

A axuda destinada a estes servizos concederáse en forma de subvención de investimento, entendéndose por tal os gastos en obras de reforma, e mellora así como os gastos de equipamento.

Artigo 4º.-Contía das axudas.

A contía destas axudas fixarase en función das necesidades de cada centro, do proxecto presentado e do orzamento total asignado para este fin.

Artigo 5º.-Criterios de concesión.

Serán criterios preferentes para a concesión das axudas previstas nesta orde:

a) Que a entidade recibise no ano 2004 axudas para o mantemento de centros de atención á primeira infancia concedidas pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

b) Presentación de proxectos de adecuación aos requisitos que sobre instalacións e condicións materiais establece a normativa vixente. Valórase, en especial, as seguintes actuacións:

1. Obras de reforma e mellora para ampliación de espazos.

2. Mellora das condicións de seguridade e hixiene.

3. Equipamento dos patios de xogo para a súa adecuación á normativa en vigor.

4. Substitución de equipamento.